


OS PAXAROS DO VII CONDE DE LEMOS. UNIDADE DIDÁCTICA

GUNTIÑAS RODRÍGUEZ, MARÍA ELENA
CATEDRÁTICA XUBILADA DE E.S.

RESUMO

Desde fai moito tempo nas diversas culturas e tradicións relixiosas utilízanse ás aves para simbolizar o espírito ou a alma inmortal dos homes. Incluso na cultura europea usáronse como mensaxeiras dos deuses polo que tiñan a capacidade de vaticinar ou auspiciar, así o facía César antes de cada campaña. Estes simbolismos estaban moi arraigados na Antigua Grecia, no estado de Roma e no Oriente Medio. De feito perdurou o longo do tempo no Islam e é moi utilizada na literatura e na pintura. No ámbito literario destaca o escritor persa sufista Farid al-Din 'Attâr (1145-1221), autor do poema alegórico da Conferencia dos Paxaros (en persa *Mantic uttair*), acontecendo que moitos dos seus relatos son utilizados nos contos infantís. E tamén o roman Ovidio (43 a. C.-17 d. C.) cuxa obra poemaria *As Metamorfosis* garda relación coa narración clásica da *Ornithogonia* do escritor grego Beo (s. III a. C.). Este caso é un exemplo de que algúns temas son reflectidos, con pequenas variacións, por varios autores nas súas obras como Esquilo, Sófocles, Aristófanes, Virgilio, Ovidio, Plutarco, San Agustín, W. Shakespeare, F. Rojas Zorrilla, e incluso T. S. Eliot ou Borges.



Don Pedro Fernández de Castro Andrade e Portugal, VII Conde de Lemos (1576-1622), político galego moi importante, escritor e mecenas de escritores españois do Século de Ouro, no seu desterro na capital do condado, a vila de Monforte de Lemos, escribiu de forma anónima, a dicir de algúns autores, o manuscrito *El búho gallego haciendo cortes con las demás aves de España*, cuxo orixinal conservase na Biblioteca Nacional de España. No manuscrito o conde fai, satiricamente, un alegato reivindicando o dereito do reino de Galicia a ter voto en Cortes, perdido no século XIV e dende entón insistentemente reclamado pola nobreza galega, e, ase mesmo, reparar a mala imaxe que tiña Galicia na literatura daqueles tempos. Don Pedro morreu sen ver cumprido o seu obxectivo, xa que foi en 1623 cando Galicia recuperou o voto nas Cortes, gracias ás xestións dos condes de Lemos e Gondomar e tras o pago de 100.000 ducados.

O conde no seu escrito, mais coñecido como *O Búho galego*, recurriu ao simbolismo das aves a igual cos grandes autores literarios habidos ó longo da historia, autores e obras, que de seguro coñecía dado o seu interese pola cultura. Nesta obra fantasiosa o conde simbolizado por un **Moucho** (o Búho), relata dúas Xuntas de Cortes de todos os reinos e rexións de España nun prado no medio dun bosque a beira do río Manzanares, baixo a rosada do amanecer dos días do mes de abril. As Xuntas estaban presididas pola **Aguia Imperial** que simbolizaba ó rei Felipe III, arredor do Moucho os representantes territoriais simbolizados por distintos paxaros tal como segue: o **Tordo** simboliza ó representante de Vizcaya, o **Lagarteiro** ó de Navarra, o **Cuco** ó de Aragón, o

Pavo ó de Andalucía, o **Miñato** ou **Milano**, segundo a copia consultada, simbolizan ó representante de Cataluña, a **Merla** ó de Valencia, a **Anduriña** ó de Murcia e o **Xilgaro** ó de Portugal; no centro do corro, como donos do prado no que estaban, o **Ganso** e o **Sisón** representantes de Castela e da Mancha respectivamente. Ademais cita dúas aves, o **Corvo** e o **Mochuelo**, que simbolizan aos representantes da Montaña (Cantabria) e de Asturias, neste orden, que non participaban na Xunta mais aproximáanse por ser veciños e irmáns de armas de Galicia e do conde. Tamén, é preciso, resaltar a referencia ao Galo cando manifesta o seu orgullo de ser galego: *...gallego es lo mismo que gallo ego, como decir "yo soy el gallo", y buho es lo mismo que espanto, y, por búho canto en medio de las tinieblas cuando todas estáis acobardadas, y, por gallo, a todas horas canto y lo defiando a puñadas.*

Nas Xuntas o moucho, isto é, o conde, reivindica para Galicia o ser considerada a primeira entre os reinos e rexións monárquicos, por ser a auténtica ave española e a que ten máis dereitos a selo, ao mesmo tempo critica ás outras aves, por riba de todo ao tordo e ao pavo, aos que lle fai graves acusacións facendo valer a súa condición de cristián vello e fidalgo. Hai que dicir que tanto Vizcaya como Andalucía responderon ante ditas acusacións.

Nesta obra, Don Pedro pon de manifesto o seu amplo e bo coñecemento do medio natural e como os grandes escritores da Historia, fai uso da importancia que ten a presenza das aves nas tradicións das culturas rurais e nos ditos e crenzas populares. Na actualidade o coñecemento sobre as especies comúns e propias está en risco de desaparecer. En consecuencia deseñase unha unidade didáctica interdisciplinar que compete as materias de Historia, Lingua, Literatura e Ciencias Naturais e que persegue os seguintes obxectivos: 1) Por en valor a figura do VII Conde de Lemos no ámbito político e literario, e como galego; 2) Contribuír a fomentar o interese polo coñecemento do medio e da cultura propia; 3) Informar sobre as características das aves galegas que noméanse no texto e seu simbolismo cultural.

BIBLIOGRAFÍA

GUNTIÑAS RODRÍGUEZ, M.E. *Maridaxe entre ciencias e letras. Exemplos de aula*. XXX Congreso Enciga. 17-11- 2017. www.enciga.org

MATO, A. *El Búho gallego. Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos*. www.ezaroediciones.com

VVAA. *Enciclopedia de las Aves de España*. 2008. SEO/BirdLife, BBVA

www.seo.org

www.cervantesvirtual.com

es.wikipedia.org

<https://educalibre.info>

<https://es.scribd.com>

www.nematollahi.com